

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Alcaldía

Decreto Alcaldía nomeamento membro Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía DEC/AYT/2641/2026 de 17/04/2026 resolveuse o seguinte:

“DECRETO POLO QUE SE NOMEAN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIAS DE ALCALDIA

A Xunta de Goberno Local é o órgano que, baixo a presidencia da alcaldesa, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a esta corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Os artigos 126.2 e 125 do mesmo texto legal facultan a alcaldesa, respectivamente, para nomear e separar libremente os membros da Xunta de Goberno Local, nun número máximo dun terzo do número legal de membros da Corporación e para nomear entre os concelleiros e concelleiras que formen parte da Xunta de Goberno Local os tenentes e tenentas de alcaldesa, que a substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

De igual xeito e seguindo o marco normativo vixente, dispónse a organización e estrutura do Goberno local, de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, e de conformidade coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, co Regulamento Orgánico Municipal e co Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Por necesidades organizativas é necesario ampliar a composición dos membros da Xunta de Goberno Local que se estableceu no Decreto da Alcaldía DEC/AYT/3616/2024, do 24 de xuño do 2024, publicado no BOP número 122, do 26 de xuño do 2024.

De conformidade cos antecedentes expostos, en uso das atribucións que me confiren a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Regulamento Orgánico Municipal e demais lexislación de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear a concelleira D^a Montserrat Paz Romero membro da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Nomear a concelleira D^a Montserrat Paz Romero tenenta de alcaldesa.

TERCEIRO.- Complementar o Decreto da Alcaldía DEC/AYT/3616/2024, do 24 de xuño do 2024, publicado no BOP número 122, do 26 de xuño do 2024, incorporando como membro da Xunta de Goberno Local e como sétima tenenta de alcaldesa a D^a Montserrat Paz Romero, manténdose as demais disposicións do citado decreto, quedando polo tanto constituída a Xunta de Goberno Local polos seguintes membros:

D^a Inés Rey García

D. José Manuel Lage Tuñas

D^a Nereida María Canosa Domínguez

D^a Eudoxia María Neira Fernández

D. Gonzalo Henrique Castro Prado

D^a Noemí Díaz Vázquez

D. Francisco Dinís Díaz Gallego

D^a Montserrat Paz Romero

CUARTO.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación municipal e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Coruña, 21 de abril de 2026

O Coordinador Xeral de Alcaldía

Antonio Francisco Alfeirán Rodríguez